

Eva Veiga, voz na súa terra

[Marga do Val](#)

12 de xuño de 2026

<https://www.nosdiario.gal/opinion/marga-do-val/eva-veiga-voz-sua-terra/20260612080507259215.html>

Quen gozou de atinados programas nos anos oitenta e inicios dos noventa na Televisión Galega non esquece Eva Veiga. Ela, unha das primeiras voces que comunicou, como dicía miña nai, minrándonos os ollos; foi quen de nos transmitir orgullo e felicidade ao partillar connosco o seu labor nun dos medios públicos galegos que nacía coa sinceridade da súa ollada e con ilusión por se converter nun medio de comunicación para un país. Estudante de filoloxía galega que abrazou o xornalismo no ano 1987, primeiro no *Ideal Galego* e xa na TVG. Xornalista e presentadora, na pantalla e na lingua galega, Veiga entraba e ficaba na casa, daquela programación era unha visita agardada. Na memoria deste primeiro público que era daquela A Galega, están gardados os programas: *Entre nós* (1987), *Mesa reservada* (1988), *De perfil* (1988), *Galicia no tempo* (1991), *A conta atrás* (1992). Foron estas boas anadas para nos aprender a querer, ao tempo que pronunciabamos a palabra autoestima.

Na Radio Galega en 1990 botaba a andar *Diario cultural* con outra voz que nos ía acompañar, imprescindible, a de Ana Romaní. Descubrimos o moito que había que contar desde o xornalismo cultural, cos pés nesta terra para andar e coñecer mundo e para traer ou achegar quen marchou fóra. No Museo de Pontevedra tivemos ocasión de ver dúas magníficas exposicións, *José Ruibal, un escritor de centenario* (2025) e *Arte en parella. Mercedes Ruibal-Agustín Pérez Bellas*, (aínda en exposición até o 28 deste mes non a perdan), nas dúas o bo criterio rescatou dúas entrevistas realizadas a José e a Mercedes Ruibal por Eva Veiga; aínda poden gozar da realizada a Mercedes Ruibal, que máis que contestar, pola profesionalidade da entrevistadora Veiga, conversa con ela, establecendo unha complicidade que nos achega a pintora que nos fala co seu galego de Xeve. Unha marabilla, patrimonio oral do país.

Creo que estaría moi ben que nas páxinas da AELG das autoras tamén xornalistas se puidese acceder a este traballo xornalístico, patrimonio cultural do país, insisto do que debemos gozar e consultar cando o desexemos. A Radio Galega e a Televisión Galega, chámense como se chamen agora, deben ter nos seus arquivos, tamén a voz de quen nos contou, cantou e soñou. É unha feliz coincidencia que Eva Veiga, escritora na súa terra, reciba esta homenaxe no ano das Letras Galegas de Begoña Caamaño, as súas voces reivindicando ese xornalismo e eses medios de comunicación que cando Eva Veiga nos falaba transmitían forza e ilusión.

Sabemos que non hai xornalismo sen palabra, sen escrita e coa AELG, celebramos a escritora, a poeta que en 1992 gañou un accesit do desaparecido Premio Esquíu con *Fuxidios*, que continuou a escribir en *As paisaxes do baleiro*, con *A luz e as súas cicatrices*, con *A frecha azul do teixo*, con *A distancia do tambor*, desde hai tempo, *Nesta hora imposible*; escribiu co *Fragor do urdido*, e coa súa voz, a que queremos e recoñecemos, que nos mira os ollos, recita *O que se volve raíz*.

Alegoría en filmes de Margarita Ledo, recitadora coa música de Ouriol, con palabras pintadas por A. Costa, lectora de poesía que dialoga coa amiga Luísa Villalta, forma parte do acontecer e das imaxes que sempre soñaremos de Maribel Longueira.

Eva Veiga agasállanos o seu fascinio de nena en *Ombre*, ese seu estraño e fermoso modo de unir as palabras. Querémoste.